



CARMEN CONDE • DANI BLANCO • ÁNGELES GOÁS

SENTIDO COMÚN

Cartaz: Ángeles Goás

A HISTORIA NACE COA ESCRITURA E A PARTIRES DE AÍ SÓ ESCRIBE AS MENTIRAS DOS DE ARRIBA, A NARRACIÓN ORAL É A VOZ DO POBO E CONTA AS VERDADEIRAS HISTORIAS DOS DE ABAIXO. A HISTORIA ESTÁ CONTADA POLOS GRANDES, PERO AS GRANDES HISTORIAS ESTÁN NOS DE ABAIXO, NA XENTE COMÚN. ESTE ESPECTÁCULO QUERE RECUPERAR, RECONTAR E LEMBRAR A TODA ESA PEQUENA XENTE QUE FAI GRANDE O MUNDO, PARA QUE NON SE ESQUENZA A SÚA MEMORIA, PARA QUE TODAS LEMBREMOS QUE TEMOS ALGO QUE CONTAR.



Carmen Conde



Dani Blanco



Ángeles Goás

Nós somos as comúns.

Sentido Común é un espectáculo de narración oral de **Carmen Conde, Dani Blanco e Ángeles Goás** armado con unha selección variada de historias onde a risa dá para moito.

Ten unha duración de 75- 90 minutos.

Está indicado para público adulto.

Válido para grandes e pequenos espazos.

CARMEN CONDE

Carmen Conde (Lugo, 1985) é licenciada en Filoloxía Hispánica pola USC, diplomada en Dramaturxia pola ENERC (Buenos Aires). Contadora con funcións nas dúas beiras do Atlántico. Autora de relatos breves para nenos e para adultos, humorista de comedia unipersonal con varios espectáculos ("Las Muñecas Rusas", "Trinidad", "El Efecto Kuleshov", "Contos Ultramarinos" e "Premios Darwin", esta última gañadora do premio a Mellor Comedia por parte de Hipócrita Teatro). Guionista en Dama Negra Films (curtametraxes de ficción) e en Falperra Producciones (documental). Dramaturga. Mestra de teatro no centro de Dano Cerebral de A Coruña ADACECO. Co-organizadora do micro aberto e do laboratorio de creación Serpes na Cachola dende 2017. Dende 2009 imparte obradoiros de relato breve, microrrelato e narración oral. Gañadora do Slam de Poesía Oral Zona Norte en Buenos Aires (2015). Gañadora da I edición do Slam Poetry Compostela (2018). Co-fundadora, xunto con Diego Gallego, de Tarabela Creativa.

DANI BLANCO


Licenciado en Matemáticas, actor, monologuista, contacontos, improvisador teatral, artista de circo. Comezou a súa carreira artística no ano 2000, no mundo do circo en Santiago de Compostela con Circo9. Tres anos máis tarde xuntaríase con Jesús Graña e formarían a compañía Assircópatas, coa que fixo espectáculos como Montagem, Caldeirada, Polos Pelos ou Roxelio, actuando en máis de 15 países ata hoxe. Formouse en Circo 9 en Santiago de Compostela, ou a circo Criollo en Buenos Aires. Alí formouse na improvisación teatral con Marcelo Savignone. Despois fundou a compañía de improvisación teatral Themomento impro, no ano 2011, coa que actúa e imparte cursos regulares de improvisación teatral en Santiago de Compostela. Comeza no mundo da narración oral xunto a Sergio Zearreta e Diana Siera, e logo camiña el só co espectáculo Pequenas Historias Subversivas estreado na Universidade de Vigo e logo dentro da rede de bibliotecas.

ÁNGELES GOÁS

Naceu

nun pequeno barrio de Abadín, provincia de Lugo. Chegou a este mundo con présa, coma se algo lle urxira, sen saber moi ben o que... A tía Victorina e a mamá Flor, andaban por alí de cando en vez, e contáronlle os seus primeiros contos. Tanto lle gustaron que pegou o pedir un conto na súa boca. Soubo axiña que viñera ao mundo para escoitar porque cando o facía, nada lle urxía e dedicouse so a iso. Escoitaba a coñecidos e descoñecidos, aos vellos e non tan vellos, aos parentes que viñan de lonxe e aos de preto, aos seus amigos, aos veciños... A súa casa estaba sempre chea de xente e a ela gustáballe perderse nas súas lembranzas, mirarlles aos ollos e ver a historia que tamén contaban, ás veces, sen palabras... De tanto escoitar, faltoulle o contar, foi unha nena tímida con moitas palabras dentro que se atrancaban e non sabían ir para fóra. Tiñan medo, por iso lle levou moito convencelas de que estar sempre dentro non era bo. Un día entendeu que, quen escoita historias, ten que contar algunhas (que non todo o que che contan se pode contar) e empezou, aos poucos, a buscar quen lle ensinase a facelo. Así, coñeceu grandes mestres, persoas que admira e espera que deixaran algo de pouso nela. Gústalle, sobre todo, contar do que lle contan, do que escoita, do que calou de nena... algunhas son historias tinguidas de realidade, outras coa tinta caprichosa da memoria ou tecidas con fantasía...

DISTRIBÚE



TARVDELA
CREATIVA